

Mondoñedo, Paraíso da Fantasía

Pregón inaugural Feira do Libro de Mondoñedo 2017

ANTONIO REIGOSA CARREIRAS
CRONISTA OFICIAL DE MONDOÑEDO



Todo o mundo sabe que Mondoñedo está nun val que se asemella a “unha man a medio abrir”, así llo pareceu a Manuel María, ou a unha “cunquiña deleitosa, onde todo frolece e todo medra”, segundo o venerable mestre e referente ético, Manuel Leiras Pulpeiro. Álvaro Cunqueiro confirmounos en letra impresa que, efectivamente, Mondoñedo señora unha valgada que “ten a medida xusta do ollo humano”.



E. Lence (debuxo de B. Vidarte publicado en La Voz de Galicia o 18.10.1983)

Miss Honor Tracy, a escritora irlandesa que visitou Mondoñedo en agosto de 1955 deixou posto en papel que “Mondoñedo é un dos máis extraños lugares a visitar” e que a Alameda dos Remedios lle fai imaxinar a unha Madame Bovary paseándoa ou como o escenario ideal para un capítulo de Dickens.

Con quen máis se relacionou Miss Honor nos dous días que andou por aquí foi con Lence, entón xa home maior, fraco e barbado, ao que describiu como un tipo extravagante. Cando Cunqueiro lle traduciu a Lence o que dicía sobre el a irlandesa, sobre todo cando aseguraba que para cociñar tiña que atar as longas barbas polas costas (para non enzoufalas na pota ou na tixela), Lence, enfadado, comentou: “Esta escritora é unha Eleuteria calquera...”

Viríanos ben unha antoloxía cos textos dos escritores e escritoras viaxeiros que nos visitaron en diferentes épocas. Urxe facela para descubrir, por voces alleas, o encanto do pequeno e recollido, o valor do pouso do pasado e do silencio, a melancolía do ambiente e tamén, claro, como viron eles a señora néboa emparellada con ese barruzo fino que nos visita cada pouco e que tamén despediu a Honor Tracy en agosto do 55.

Velaí a nosa pequena patria, dimensionada arquitectónica e urbanisticamente, cativa industrialmente pero fecundísima culturalmente, coa medida exacta para percorrer a súa paisaxe nun só golpe de vista, para gozar das súas esencias en doses concentradas. E se a nosa xeografía ten a feitura adondada dun agarimoso val, hoxe, que nos visitan para quedarse tres días os libros e os libreiros, queremos imaxinar (forzados como axiña lles contarei pola *imaxinativa* de Cunqueiro) que este val nos parece un berce, un barrelo que se adormenta coas nanas creadas polos nosos poetas, que se mexe coas notas do pentagrama infindo escrito polos nosos músicos e que se anaina entre as cores das bambolinas pintadas polos nosos artistas.

E este val, ao celebrar como celebramos hoxe o nacemento dunha festa da cultura, non pode hospedar no seu acolledor seo outra criatura que non sexa un libro. Un libro que nos revela en cada folla, en cada páxina, nomes como Padornelo, Pena da Roca, Montedarca, Monfadal, Pasatempo, Xistral, Pombeiro, Rei Cintolo, Pena Morcán, Fiosas, Sixto (o río que está pasando agora mesmo caladiño por debaixo dos nosos pés, e que por veces visitan crocodilos), Brea, Valiñadares, Masma, Morollo, Farrapa, Zoñán, Tronceda, Lindín, Recadieira, Fiouco... e outros moitos máis aínda ata completar un abecedario das marabillas.

Quen o lea accederá aos receitairos secretos creados por grandes e insuperables cociñeiros e cociñeiras da palabra coma Guevara, a Escola de Cantores do Nadal (con Castro e Neira, Romualdo López e Luis Corral, o pai de Dimas Corral e avó de Clara, Rita e Consuelo Corral Aller, as tres escritoras), coma Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Cunqueiro, Díaz Jácome, a Escola Poética do Seminario (con Crecente Vega, Iglesia Alvariño e Díaz Castro, entre outros moitos), e, entre os e as aínda en activo Marina Mayoral, Antón Meilán, Xe Freyre, Isabel Morán, Fran Bouso, Chus Amieiro...

Os de aquí e os da diáspora como Patricio Delgado “Xan de Masma” (o autor da primeira novela social galega, “A Besta”), María de los Ángeles Vázquez, poeta e narradora, pioneira na reivindicación dos dereitos das mulleres no Bos Aires dos primeiros anos do s. XX, Amador González, xornalista, poeta e sindicalista revolucionario na Patagonia da primeira metade do s. XX, ou Valentín García Sáiz, o escritor fillo de mindoniense,

coetáneo e fraternal colega de Juana de Ibarbourou, a de Lourenzá, ambos de Melo, na República de Uruguai.

Mondoñedo é un libro que se anaina neste berce cheo de historia e de historias, de palabras, músicas e cores, ao remol das fantasías que aquí creamos.

E se as letras son bocado de emocións, as melodías de Pacheco, de Veiga (o da Alborada e o Himno Oficial de Galicia), de Lodeiro ou de Manuel Bermúdez “O Pallarego”, convulsionan o espírito. Músicas cultas e de culto, populares e de verbena. Pode interpretalas unha banda, un orfeón, un cuarteto, un trío, un coro, calquera voz que aínda resoe desde a memoria da capela de música da catedral, calquera formación saída da actual Escola de Música Municipal ou, de ser preciso, a mesma orquestra improvisada polas ducias de campás mindonienses, coa Paula de solista e o Esquilón marcando o compás.

Mondoñedo é un libro sonoro e ilustrado que, ademais de letra e música, pode ir iluminado con debuxos maxistras de José M^a Rodríguez, Graciano Fraga, Vidarte, Quique Guerra, Puchades, Vizoso, Artiaga, Caxigueiro, Mauro Leivas, E. González Torterolo, Alicia Puchades, Pedro Gómez... e tantos e tantas. Se o prefiren, ilústrenlo con fotografías e non se esquezan das mulleres pioneiras neste oficio que aquí houbo como Antonia Santos, Filomena Díaz, dona Rosa, ou de Santiago Pernas, Gacio, Teigeiro e algúns máis.

Mondoñedo é un libro rimado, sonoro, iluminado e impreso aquí, por suposto, desde que o noso primeiro impresor aló polo s. XVI, Agustín de Paz, ata os actuais e resistentes “Sucesores de Mancebo”. Moitos destes impresores foron tamén editores e libeiros. Ogallá que o anunciado Museo da Imprenta Mindoniense poida ser unha realidade sen tardar porque así farase xustiza a un tempo a un motor da economía e sobre todo da cultura desde hai case cincocentos anos.

Se o libro se quixese representar nos escenarios invoquemos á esquecida e malograda actriz Manuela Rey, a muller lirio que triunfou no Dona María II de Lisboa a mediados do s. XIX, ou poñámonos ás ordes do creador, director e actor Paco Piñeiro. Se o escenario fose un decorado de cine teríamos que chamar a Victoriano López, o noso Goya de Honor, a Luís Cayón ou á actriz Zully Moreno, con éxitos enormes na Arxentina pero con raíces debaixo do Padornelo, no lugar do Monfadal.

Mondoñedo é un libro con historias e con historia contada por Villamil e Castro, Víctor Silva Posada, Lence Santar, Mayán, Santos Sancristobal, Ricardo Pedreira, Cal Pardo, e polos que agora collen o seu relevo como Abel Vigo, Félix Villares, Armando Requeixo, Andrés García Doural, Moncho González, Isidro Fernández, Roberto Reigosa ...

Mondoñedo é un libro sonoro, ilustrado, iluminado, impreso e divulgado nas arredor de 70 cabeceiras de prensa que aquí se editaron, xornais e revistas que aínda conservan un rescaldo, unhas brasas acesas no xornal *Mondoñedo* que publica a Asociación de Amigos da Cidade, e nas revistas *Amencer*, a do Seminario Santa Catalina, e *O Son da Paula* que anualmente editan alumnado e profesorado do IES San Rosendo.

Desculpen que omita moitos máis nomes masculinos e femininos, varios recoñecidos como meritísimos nas súas respectivas profesións de médicos, arquitectos, avogados,

profesores, xornalistas, boticarios, enxeñeiros, libeiros... (algúns tamén escribidores) por non fuxirmos hoxe do territorio do libro convencional como soporte de transmisión do saber e do entreter.

Mondoñedo é un libro sonoro, ilustrado, iluminado, impreso, divulgado e festexado coa convocatoria anual dos certames poéticos Díaz Jácome e Leiras Pulpeiro, do Premio Mondoñedo¹⁰ á mellor obra editada en galego en diferentes xéneros e disciplinas nos últimos dez anos, co recital poético-musical *Mondoñedo é poesía* e con outras moitas actividades culturais. Un libro recoñecido como Conxunto Histórico-Artístico desde 1985, e hai dous anos como Patrimonio da Humanidade para o Camiño a Santiago e a catedral como ben asociado.

Celebremos, pois, que somos un val, feitiño e breve coma un berce que arrola un libro ilimitado. E non falo só de libros impresos en papel; eu tamén, como sabedes, reivindico a literatura oral, a escrita coa boca e lida cos oídos, e Mondoñedo nisto foi e é unha factoría do saber contar.

Celebremos que se recupera a Feira do Libro con vocación de continuidade, como parte de aquí en adiante do noso ritual cotiá de vida. Unha cerimonia necesaria pois a nosa relixión civil é a cultura e o noso Máis Alá posible que se nos recoñeza como “Paraíso da Fantasía”.

Volvo a Cunqueiro para rematar, o noso deus do soñar e fantasiar, aquí a carón da “súa” Fonte Vella, da casa natal, da casa familiar onde agardamos aflore axiña a Casa Museo Álvaro Cunqueiro, a carón do local onde estivo a botica e a rebotica do seu pai, a uns metros de onde estivo a barbería do seu amigo e socio no crear Manuel Bemúdez “O Pallarego”.

Volvo a Cunqueiro neste territorio da súa infancia porque el foi quen me deu a idea de imaxinar o noso val como un berce no que, como en todos os niños do amencer, bote a andar un proxecto de vida.

Xa hai moitos anos, Cunqueiro escribiu un conto breve titulado “Toñín” que foi e aínda é practicamente descoñecido. Publicouse en *El Pueblo Gallego* o 28 de marzo de 1935. O escenario do relato, que agora resumo é, como veredes, moi mindoniense.

Cando espertou o mozo Toñín atopou o cuarto cheo dunha “zarambaina” de luces. Había néboa, néboa mareira, que subía terra arriba, pero o máis sorprendente era que non estaba na cama senón no berce de cando era picariño.

El tamén mermara e vestía coma daquela, cun camisoliño. Na cadeira de vimbio tiña disposto un calzón curto, unha brusa mariñeira, os calcetíns de lá verde, os zocos de sola de ameneiro e o cordón branco do chifre. Confirmou que era outra vez neno cando se achegou ao lavabo e viu que non chegaba ao espello.

Unha vez que se lavou e se vestiu, sacou o chifre do peto e asubiou. Estaba contento. Saíu do cuarto e botou a andar pola casa adiante ata chegar á sala pequena da costura onde se gardaban os xoguetes. Abriu a porta e entrou pero non era a sala de xoguetes: era un mar! Mellor dito: unha praia longa e amarela coma se fose unha ponte con mar aos dous lados!

Na praia había moitos nenos e eran de moitas cores. Brancos, negros, amarelos, azuis, roxos... El mirou as mans e comprobou que era branco.

Tocou o chifre e botou a andar. Axiña atopou un rapaz que primeiro lle pareceu, e que era en realidade, o pallaso que lle regalara o tío Felipón, e logo unha nena que era Curuca, a boneca da prima Carmela, que pechaba os ollos e dicía “papai” e “mamai”. Dubidou se estaba esperto ou durmido pero seguiu avanzando e a quen atopou foi a Feliponciño, o fillo do tío Felipón, que era en todo igual a como el o lembraba pero agora vernizado de cor chocolate.

Fronte a dúas pedras verdes había un barco, o seu barco de xoguete, o que lle mercara o pai na Coruña cun rótulo que o confirmaba “Toñín. Recuerdo de La Coruña”.

O barco era máis grande que cando el era neno; agora cabían nel 7 rapaces. A cheminea era coma a dunha casa e os tres paus para as velas semellaban tres piñeiros.

Toñín entrou no barco, inspeccionouno e logo desde cuberta tocou o chifre.

Correron cara alí catro nenos, entre eles Feliponciño, e unha nena, Curuca, a boneca da prima Carmela, os cinco achocolatados de pel.

—Que queres? —preguntou Felipón.

—Imos de viaxe! —respondeu Toñín

E ordenoulle a Curuca que lle dese corda ao barco. E Curuca baixou á sala de máquinas e deulle corda a unha chave como as dos coches de xoguete.

Felipón sacou vasoiras e caldeiros e organizou a limpeza da cuberta. Toñín fíxose cuns prismáticos e baixou ata onde estaba Curuca e bicouna na caluga.

E logo ordenou:

—Felipón, proa ao sul!

E remata Cunqueiro:

“Tocou longamente o doce chifre do cordón de prata, e sorriu nos beizos virxes da boneca de chicolate”.

Que nos visite a Feira do Libro paréceme excelente ocasión para sorrir e non falar só do pasado, para imaxinar que Mondoñedo se asemella a ese berce que arrola o libro onde está escrito un camiño, un futuro!

Mondoñedo tamén pode ser un libro no corazón do val.

Remedando ao Toñín de Cunqueiro, poderíamos berrar:

—Mondoñedo e a súa Feira do Libro, proa ao mañá!

Xullo de 2017

Nota:

Texto do pregón lido na Feira do Libro de Mondoñedo 0 24 de xullo de 2017 (24-26 de xullo de 2017).

